

Expediente nº: 231/2024.

Memoria Xustificativa

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado Sumario.

Asunto: Contrato de obras - C 4/2024 - "MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA".

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

O Concello de A Lama dispón dunha ampla rede de viais municipais para dar servizo a todos os núcleos de poboación que se atopan dispersos entre as oito parroquias que conforman o municipio.

O equipo de goberno consciente da necesidade de manter e/o mellorar os accesos e esta rede de camiños proxecta neste caso realizar a mellora do firme en dous viais, un deles no Lg. de Paradela, e outro no Lg. de Baralla, ambos viais son o único acceso a varias vivendas, con vistas á súa inclusión no Plan de mellora de camiños rurais 2024-2025 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia.

2. Descrición da situación actual

a. Situación na Institución

O obxectivo que se pretende é a execución dunha obra completa para mellorar as actuais condicións de viabilidade, seguridade e accesibilidade en dous viais municipais situados en Paradela e Baralla, na parroquia de Xende, que serven de acceso a varias vivendas situadas en ambas as zonas, renovando o seu pavimento con aglomerado asfáltico e con formigón segundo o caso, ao atoparse o pavimento actual en mal estado de conservación. Unha vez finalizadas as obras os camiños poderán entrar en servizo en condicións de viabilidade óptimas.

Estes viais son os camiños utilizados polos veciños de ambas zonas para o acceso ás súas vivendas, leiras e demais propiedades. Na actualidade presentan un firme en moi mal estado, con gran concentración de fochancas e zonas disgregadas con gran densidade de maleza nas marxes do mesmo.



Ambos os camiños no seu estado actual provocan situacións de perigo constante tanto para o fluxo do tráfico e maquinaria agrícola como para os peóns, xa que debido ás malas condicións dos mesmos todos os usuarios conflúan por un mesmo trazado coa intención de evitar fochas e zonas pouco seguras para transitar.

As actuacións proxectadas, incrementarán a seguridade viaria executándose unha rehabilitación total de ambas as zonas conseguindo así unha maior área segura para os usuarios destes viais.

b. Marco normativo

— Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

3. Xustificación e obxecto do contrato

O artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que: *Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: En todos os Municipios (...) acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

Igualmente o concello de conformidade co disposto no artigo 25.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos previstos neste artigo.

Entre outras o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: *d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*



Se propón le mellora do firme en dous camiños.

A continuación, detállanse cada unha das Intervencións que se pretenden:

CAMIÑO EN PARADELA - TRAMO A AGLOMERAR

- Limpeza e roza do camiño para eliminación de vexetación existente, perfilado e refino de ambos os marxes do vial, con medios mecánicos, e eliminación de terras de marxes e carga mecánica de entullos sobre camiión.
- Fresado de 5 cm dos entroncamentos nel tramo de actuación para entroncar el aglomerado con el firme existente e en entradas a vivendas.
- Varrido enerxético de toda la superficie a rehabilitar por medios mecánicos con cepillo de aramio.
- Para regularizar e corrixir las diferencias de peralte utilizouse unha mestura bituminosa en quente tipo AC-22 BIN B 50/70 D en capa intermedia capa intermedia e aplicación dunha rega termo adherente C60B3 TER cunha dotación de 1 kg/m2.
- Estendido dunha nova capa de rodadura formada por 5 cm dunha mestura bituminosa en quente tipo AC-16 SURF B 50/70 D, previo estendido dunha rega termo adherente tipo C60B3 TER cunha dotación de 1 kg/m2.
- Implantarase sinalización vertical en entroncamentos e la ejecución de STOP pintado como sinalización horizontal mediante la aplicación de pintura reflexiva branca acrílica en base acuosa e marca viaria continua/descontinua en marxes de 10 cm.
- Executaranse ademais la limpeza dunha canalización de pluviais existente que se atopa actualmente obturada.
- Executaranse recalces de rexistros existentes e realizáronse arquetas e sumidoiros necesarios para dotar a la actual rede de pluviais de mellores condicións que las actuais.
- Limpeza e roza manual del camiño para eliminación de vexetación existente.
- Estendido de 15 cm de formigón HM-20 en pavimento armado con fibra estrutural.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

- Renovarase unha rede de pluviais que se atopa en moi mal estado ao ancho deste tramo con canalización de 250 mm de diámetro reforzado con formigón, mesmo execución de rexistros e demolición de la actual rede.
- Executaranse recalces de rexistros existentes e realizáronse arquetas e sumidoiros necesarios para dotar a la actual rede de pluviais de mellores condicións que las actuais.

CAMIÑO EN BARALLA - TRAMO A AGLOMERAR

- Limpeza e roza del camiño para eliminación de vexetación existente, perfilado e refino de ambos os marxes de vial, con medios mecánicos, e eliminación de terras de marxes e carga mecánica de entullos sobre camión.
- Fresado de 5 cm dos entroncamentos nel tramo de actuación para entroncar el aglomerado con el firme existente e en entradas a vivendas.
- Varrido enerxético de toda la superficie a rehabilitar por medios mecánicos con cepillo de aramio.
- Para regularizar e corrixir las diferencias de peralte utilizarase unha mestura bituminosa en quente tipo AC-22 BIN B 50/70 D en capa intermedia capa intermedia e aplicación dunha rega termo adherente C60B3 TER cunha dotación de 1 kg/m².
- Estendido dunha nova capa de rodadura formada por 5 cm dunha mestura bituminosa en quente tipo AC-16 SURF B 50/70 D, previo estendido dunha rega termo adherente tipo C60B3 TER cunha dotación de 1 kg/m².
- Implantarase sinalización vertical en entroncamentos e a execución de STOP pintado como sinalización horizontal mediante a aplicación de pintura reflexiva branca acrílica en base acuosa e marca viaria continua/descontinua en marxes de 10 cm.

Todas estas actuacións atópanse debidamente definidas en las especificacións de las MEDICIÓNs que se acompañan no DOCUMENTO N°4 do proxecto.

4. Análise Técnica

As consideracións técnicas serán as recollidas no Proxecto Técnico de obras, redactado pola Técnica Municipal D^a. Andrea Estévez Fernández, obrante no Expediente.



5. Análise Económica: Valor Estimado.

O valor estimado do contrato estará composto polo recollido no resumo da memoria do Proxecto Técnico que establece unha base impositiva de 64.801,90 euros e 13.608,40 euros de IVE que ascende a un total de 78.410,30 euros.

6. Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira

A obra financíase con cargo ao Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, Agencia Gallega de Desarrollo Rural (AGADER) (Q1500273F), RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E) así coo a achega da Deputación de Pontevedra en concreto con cargo ao Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia Liña 1- Inversións) 2024 da Deputación de Pontevedra, cuxas bases foron publicadas no BOPPO de 3 de Xaneiro de 2024.

Facer constar que non é preciso formalizar ningunha operación de crédito para financiar esta contratación e que se vai cumprir co período medio de pago a provedores.

O gasto previsto atópase recollido na modificación orzamentaria tramitada ao efecto polo tanto, a presente contratación non vai supoñer incumprimento da estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira.

7. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

Ao non dispoñer este concello dos suficientes medios persoais e técnicos para realizar o investimento, xustifícase a necesidade de proceder á licitación do subministración.

De conformidade co artigo 159.6 da LCPS o procedemento de adxudicación será aberto simplificado abreviado, garantindo a máxima igualdade, non discriminación e concorrencia no proceso de licitación.



b. Cualificación do contrato

Considérase un contrato de obra de conformidade co disposto no artigo 13 da LCSP, que establece no seus apartados 1 e 2:

1. Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto uno dos seguintes:

a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I.

b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.

2. Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñería civil, destinado a cumprir en por si unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible.

c. Análise de execución por lotes

Tendo en conta que con esta obra preténdese manter e/o mellorar os accesos e esta rede de camiños proxecta neste caso realizar a mellora do firme en dous viais, un deles no Lg. de Paradela, e outro no Lg. de Baralla, ambos na parroquia da Lama , do Concello de A Lama, como se recolle na xustificación da necesidade do Proxecto obrante no Expediente non procede a división en lotes, polos seguintes motivos:

a) *Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que:*

- *As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen sustantividade propia de maneira que non é posible a súa execución/utilización/aproveitamento de maneira separada.*
- *As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non constitúen unha unidade funcional por si mesmas.*
- *As prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.*
- *As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta.*



b) *Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que:*

- *Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a optimización do control da execución global do contrato.*
- *Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións.*
- *Coa división en lotes do obxecto do contrato increméntanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.*
- *Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdense as economías de escala.*
- *Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a eficiencia.*

d. Lugar e prazo de entrega.

- Lg. Paradela.
- Lg. De Baralla.

Establecerase como prazo máximo de execución , **UN MES** (1 mes) tras a firma do acta de comprobación do replanteo.

8. Utilización de medios electrónicos

En base ao disposto no apartado 3 da Disposición Adicional décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na mencionada Disposición Adicional.

9. Conclusións

Considérase que a contratación desta obra supón unha gran mellora no Concello da Lama, xa que achegará unha mellora a calidade de vida dos veciños.

A actuación proposta e as súas repercusións están de acordo cos principios, obxectivos e contidos establecidos nas Bases reguladoras de:

- Plan de mellora de camiños rurais 2024-2025 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia.
- Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2024 da Deputación de Pontevedra publicadas no BOPPO de 3 de Xaneiro de 2024.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

Por todo o exposto, o Concello da Lama entende e considera que a actuación proposta é necesaria e mesmo prioritaria para o concello da Lama.

A Lama, na data que figura á marxe.
O alcalde,

David Carrera Cal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

